



Traballo presenta ás cooperativas o borrador da Lei de economía social que fomentará o autoemprego e a súa visibilidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na reunión do Consello Galego de Cooperativas, ás que cualificou como "un modelo cun arraigo especial en Galicia que está a consolidarse ano tras ano"
- ▶ Mato avanzou a creación dunha marca cooperativa, que se converterá nun novo selo de certificación que agrupará todas as empresas cooperativas de Galicia baixo unha mesma identidade.

O DOG publica axudas que suman 50,4 millóns de euros para mellorar a empregabilidade de máis de 15.500 persoas en paro

- ▶ A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, presentou as convocatorias destas liñas de subvención en materia de formación, obradoiros de emprego, programas integrais e orientación.

Benestar destaca a aposta do departamento por mellorar a calidade de vida e a inserción das persoas con discapacidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a sinatura dun convenio de colaboración entre Down Galicia e Grupo Norte para o desenvolvemento do programa 'Emprego con apoio ás persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual'
- ▶ Mato destacou que o departamento autonómico aumentou un 8% os programas de emprego para discapacidade, ata acadar un investimento de 17,4 millóns de euros.

A Estratexia de xuventude 2010-2013 beneficiou 59.000 mozos e mozas en materia de emprego e outros 40.000 recibiron axudas para vivenda

- ▶ Así o destacou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, tras a sesión constitutiva do Comité Galego de Políticas de Xuventude, que presidiu o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo
- ▶ A Estratexia supuxo un esforzo transversal realizado polo conxunto dos departamentos da Xunta en catro materias fundamentais para a mocidade: emprego, vivenda, educación e participación e mobilidade.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de xaneiro un total de 281.077 persoas desempregadas, un 3,34 por cento menos que no mesmo mes de 2013

- ▶ A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, cualificou o aumento do paro en termos intermensuais (+3,69%) como "negativo", pero fixo fincapé en que se trata da terceira baixada interanual consecutiva
- ▶ Isto confirma a tendencia da contención da destrución de emprego, dado que non se rexistraban evolucións interanuais negativas desde 2007.

Sumario

Política social	2-4	Traballo e economía social	9-11
Formación e emprego	5-8	Xuventude e voluntariado	12-14
Informe do paro rexistrado	8	Publicacións	15
Sinistralidade laboral	9	Normativa	16-22

Créditos

Edita: Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación: Pepa Dabán Royo
Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835

Política social

A Xunta reforzará a atención ás persoas con parálise cerebral e aos seus cuidadores con actuacións específicas para eles

- ▶ Así o explicaron a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, que visitaron a sede da Asociación Amencer – ASPACE en Pontevedra
- ▶ Este ano incluíranse as persoas afectadas na tarxeta sanitaria AA, que lles dá prioridade no acceso aos servizos sanitarios e permite que estean acompañados por un familiar durante a atención
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo este ano novas actuacións baseadas en tres eixes: visibilización, formación e sensibilización.

Pontevedra, 20 de xaneiro de 2014. - A Xunta desenvolverá nos próximos meses diversas iniciativas –relacionadas principalmente cos eidos sociosanitario e formativo- co obxectivo de reforzar a atención das persoas diagnosticadas con parálise cerebral e dos seus cuidadores. Así o explicaron a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero, que visitaron a sede da Asociación Amencer – ASPACE en Pontevedra, onde presentaron as iniciativas do Executivo autonómico enmarcadas no Ano Galego da Parálise Cerebral.

Neste sentido, ao longo deste ano incluíranse as persoas afectadas de parálise cerebral na tarxeta sanitaria AA -Acompañamento e Accesibilidade-, que lles dá prioridade no acceso aos servizos sanitarios e permite que estean acompañados por un familiar durante a atención sanitaria. Deste xeito, inténtase mellorar a súa seguridade e diminuír a súa ansiedade ante os actos médicos.

Ademais, a Escola Galega de Saúde de Cidadáns desenvolverá distintas actividades onde profesionais do Servizo Galego de Saúde, en colaboración con asociacións de parálise cerebral, difundirán entre a poboación as características desta discapacidade e as recomendacións para o seu manexo e cuidados.

Están programados cursos superiores de cuidados e autocuidados para familiares e cuidadores en Vigo, Pontevedra

e Sada; un obradoiro sobre procesos asistenciais e recursos sanitarios relacionados coa parálise cerebral dirixido a profesionais dos centros de ASPACE; un foro en liña no Día Internacional da Discapacidade a través da páxina web da Escola Galega de Saúde de Cidadáns; e un ciclo de cine.

Tamén se realizarán obradoiros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Ferrol sobre dificultades de deglución e primeiros auxilios en pacientes con parálise cerebral; cuidados para pacientes dependentes; rehabilitación, estimulación e fisioterapia; recursos sociosanitarios e aspectos legais sobre a parálise cerebral; psicoestimulación e pautas de comunicación; ocio e tempo libre, práctica deportiva e uso de novas tecnoloxías; e cuidados do cuidador.

Pola súa banda, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo este ano novas actuacións baseadas en tres eixes: visibilización, formación e sensibilización. O primeiro pretende poñer en valor os retos que deben superar estas persoas cada día, coa celebración en outubro de 4 mesas de experiencias nos campus universitarios; o segundo, vinculado ao Decreto de atención temperá, céntrase en formación específica nesta materia para que os profesionais dispoñan de recursos que permitan ofrecer unha atención adecuada; e, o terceiro, para achegar ao conxunto da cidadanía a realidade cotiá destas persoas.

5.500 afectados en Galicia

Baixo o termo de parálise cerebral agrúpanse un conxunto de afectacións cuxa característica fundamental é a afectación motora, pero cunha enorme variedade de situacións persoais, desde a apenas apreciable ata a dependencia total de terceiras persoas para desenvolver as tarefas máis básicas. Non se pode curar, pero si se poden mellorar os síntomas, proporcionando unha atención adecuada que axude a persoa afectada a mellorar a súa mobilidade, o seu desenvolvemento intelectual e a súa integración social.

En Galicia estímase que hai unhas 5.500 persoas afectadas e que cada ano 54 nenos sofren parálise cerebral; cifras que amosan unha tendencia á alza motivada en parte polo aumento de nacementos de bebés prematuros. O impacto desta discapacidade ten unha gran repercusión sobre o contorno social e familiar, polo que esixe unha abordaxe multidisciplinar, coa participación activa de profesionais, familiares e cuidadores.

Dende 2010, a Escola Galega de Saúde para Cidadáns organiza obradoiros e foros en liña co obxectivo de orientar e formar persoas dependentes,

familiares e cidadáns co obxectivo de mellorar a calidade de vida no contorno dos afectados.

Plan de acción integral para a discapacidade

Ademais, a atención ás persoas con discapacidade e a procura da súa inserción social é un dos eixes da actuación da Consellería de Traballo e Benestar, tal e como demostra o Plan de acción integral para a discapacidade, desenvolvido entre 2010 e 2013, que contou con 305 medidas, das cales se executaron preto do 100%, e con preto de 100.000 beneficiarios cada ano. Así mesmo, a conselleira indicou que os orzamentos de 2014 reflicten un aumento do 5,8% nesta materia, ata os 97,2 millóns de euros.

Este esforzo tradúcese tamén no apoio ao colectivo de persoas con parálise cerebral por parte de Benestar. En concreto, destacan neste eido os catro millóns de euros destinados cada ano ao mantemento das 252 prazas públicas para persoas con este trastorno, un 25% delas creadas por este Goberno. Así mesmo, o departamento autonómico vén de poñer en marcha a carteira de servizos de atención á dependencia, que inclúe 11 servizos especializados para persoas con parálise cerebral.



As conselleiras de Sanidade e de Traballo e Benestar, durante a visita á sede da Asociación Amencer-ASPACE, en Pontevedra

Benestar destaca a aposta do departamento por mellorar a calidade de vida e a inserción das persoas con discapacidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a sinatura dun convenio de colaboración entre Down Galicia e Grupo Norte para o desenvolvemento do programa 'Emprego con apoio ás persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual'
- ▶ Mato destacou que o departamento autonómico aumentou un 8% os programas de emprego para discapacidade, ata acadar un investimento de 17,4 millóns de euros
- ▶ Ademais apuntou que Benestar destinou preto de 5,3 millóns de euros desde 2009 para financiar distintas liñas de colaboración con Down Galicia
- ▶ Tras aprobar o Consello da Xunta en decembro o Decreto de atención temperá e, logo da entrada en vigor o pasado 1 de novembro da nova carteira de servizos, está previsto tramitar no Parlamento o proxecto de Lei de accesibilidade antes do verán.

Santiago, 22 de xaneiro de 2014. - A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou a aposta do departamento que dirixe por mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e seguir fomentando a súa integración social, especialmente a través da inserción sociolaboral. Así, nos orzamentos para o ano 2014 incrementouse en preto dun 6% as partidas para este colectivo ata superar os 97 millóns de euros.

Beatriz Mato presidiu a sinatura dun convenio de colaboración entre Down Galicia e Grupo Norte para o desenvolvemento do programa 'Emprego con apoio ás persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual'.

Mato apuntou que o departamento autonómico destinou preto de 5,3 millóns de euros desde 2009 para financiar distintas liñas de colaboración con Down Galicia, como o convenio anual para o desenvolvemento da súa programación, plans de cooperación, orientación, axentes de emprego, fomento da contratación, cursos AFD, plans integrados, voluntariado e iniciativa xove.

Doutra banda, segundo explicou a titular de Benestar, este Goberno está a demostrar o seu apoio ás persoas con discapacidade desde a súa chegada en 2009. De feito, entre 2010 e 2013

desenvolveuse o primeiro Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, que contou con 305 medidas concretas e acadou unha execución do 100%.

Así mesmo, Mato lembrou que o departamento autonómico aumentou un 8% os programas de emprego para discapacidade, ata acadar un investimento de 17,4 millóns de euros.

Por último, na súa intervención, Mato aproveitou para enumerar as actualizacións levadas a cabo no marco lexislativo co obxectivo de incrementar a integración laboral. Tras aprobar o Consello da Xunta en decembro o Decreto de atención temperá, e logo da entrada en vigor o pasado 1 de novembro da nova carteira de servizos, está previsto tramitar no Parlamento o proxecto de Lei de accesibilidade antes do verán.

Ademais, o pasado mes de decembro o Parlamento de Galicia aprobou tamén a Lei de racionalización do sector público. Trátase dun texto que recolle a reserva de contratos para centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral co obxectivo do fomento da inclusión activa. Esta lei establece, por exemplo, un límite mínimo do 3% para os contratos reservados e, ademais, a reserva para centros especiais de emprego poderá aplicarse a procedementos sen límite de contía.



Beatriz Mato na sinatura do convenio con Down Compostela

Política social

Mato presenta á directiva da FEGAMP o cronograma de implantación da Axencia Galega de Servizos Sociais

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo unha xuntanza cos representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Santiago, 29 de xaneiro de 2014.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo unha reunión coa xunta directiva da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) co fin de abordar diversos aspectos da colaboración entre a Administración autonómica e a local.

Un dos principais temas que se trataron durante a xuntanza foi o cronograma da implantación da nova Axencia Galega de Servizos Sociais e a disolución do Consorcio de Igualdade e Benestar. A previsión é que a Axencia estea constituída no primeiro semestre deste ano, e

comece a funcionar no 2015.

A posta en marcha deste ente comezará coa xestión das escolas infantís que dependen actualmente da Consellería de Traballo e Benestar, para despois ir asumindo os centros que dependen do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. O resto dos servizos iranse asumindo paulatinamente.

A creación deste organismo está prevista na Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e ten como obxectivo principal xestionar os servizos públicos en materia de servizos sociais e acadar un aproveitamento óptimo deste sistema,



sempre coa finalidade última de optimizar a atención ao cidadán.

Deste xeito, a Axencia suporá a unificación, nunha única persoa xurídica, dos recursos humanos e materiais dos que dispón o

Goberno galego para prestar os servizos sociais. Ao unificar e ordenar os recursos de forma máis eficiente, evítanse duplicidades e acádase unha mellora da atención e unha xestión máis áxil.

Benestar incrementará nun 12,5% o financiamento destinado ás unidades de atención temperá das comarcas do Deza e do Salnés

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou o servizo que xestiona a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) en Lalín no que se atenden a 110 nenos e nenas
- ▶ Mato destacou que a Xunta vén de aprobar o decreto de Atención Temperá que permitirá a creación en Galicia por primeira vez dunha rede especializada neste ámbito.

Lalín (Pontevedra), 14 de xaneiro de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar incrementará este ano nun 12,5 por cento o convenio de colaboración que mantén desde 2009 coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), que chegará aos 225.000 euros, para seguir a financiar as unidades de desenvolvemento infantil e apoio familiar das comarcas do Deza e do Salnés e, tamén, para poder abrir un novo servizo na provincia da Coruña. Nestas dúas unidades estanse a atender de media ao ano a 250 nenos e nenas de 0 a 6 anos con problemas de desenvolvemento ou en risco de padecelo.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou

este aumento do orzamento e a creación dunha nova unidade para a provincia coruñesa nunha visita que realizou á unidade emprazada en Lalín, onde na actualidade se están a atender a 110 nenos e nenas.

Mato explicou que nestes servizos lévanse a cabo programas de desenvolvemento infantil para os nenos e nenas con discapacidade dispensándoselles orientación, asesoramento e atención psicosocial ás familias destes nenos.

A titular de Benestar, ademais, lembrou que a Xunta vén de aprobar o pasado mes de decembro no Consello da Xunta o decreto de Atención Temperá que permitirá por primeira vez



en Galicia contar cunha rede de atención temperá. Este recurso prestará unha atención integral aos menores e ás súas familias; avanzará na súa autonomía e calidade de vida; e fomentará a prevención da dependencia.

Unha das grandes vantaxes desta nova rede será a creación dun espazo común de coordinación entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais. "Esta coordinación permitirá unha actuación conxunta e continuada cos menores e, polo

tanto, mellorar os resultados e contribuír á súa calidade de vida", apuntou Mato, quen detallou que os servizos de atención temperá para menores dependentes que se prestarán nesta rede xa están definidos e regulados na carteira de servizos para a atención á dependencia, que entrou en vigor o pasado mes de novembro. Os que se ofrecerán para menores non dependentes regularanse na carteira de servizos para as persoas con autonomía, que se está a desenvolver actualmente.

Formación e emprego

O DOG publica axudas que suman 50,4 millóns de euros para mellorar a empregabilidade de máis de 15.500 persoas en paro

- ▶ A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, presentou as convocatorias destas liñas de subvención en materia de formación, obradoiros de emprego, programas integrais e orientación
- ▶ Trátase só dunha parte de todo o investimento que realizará o Goberno galego no eido laboral ao longo deste ano
- ▶ En formación priorizaranse os sectores máis innovadores, como a internacionalización, o emprendemento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico
- ▶ Os programas integrais primarán os proxectos de xestión compartida, e tamén incluírán criterios de puntuación para aqueles que se desenvolvan nas provincias de Lugo e Ourense, de acordos cos Plan Impulsa.

Santiago, 10 de xaneiro de 2014.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) vén de publicar catro liñas de axudas da Consellería de Traballo e Benestar que suman máis de 50,4 millóns de euros. As catro convocatorias refírense á área laboral e pretenden mellorar a empregabilidade de máis de 15.500 persoas en paro. En concreto, son accións de formación para persoas desempregadas, obradoiros de emprego, programas integrados de emprego e subvencións a técnicos de información, orientación e prospección de emprego.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, presentou en Santiago estas actuacións do Goberno galego, que constitúen só unha parte de todo o investimento que realizará a Xunta en materia laboral ao longo de 2014. Deste xeito, ás actuacións xa publicadas no DOG sumaranse outras iniciativas destinadas á mocidade, á cooperación cos concellos ou aos autónomos, entre outras.

Con respecto ás catro liñas de subvencións presentadas, Díaz López afirmou que todas elas farán "especial fincapé naqueles colectivos con especiais dificultades de inserción", como persoas con discapacidade, en risco de exclusión, ou mulleres vítimas de violencia de xénero.

En primeiro lugar, a directora xeral de Emprego e Formación explicou as axudas referidas ao eixe da formación para persoas desempregadas, ás cales se destinarán

30,3 millóns de euros para financiar 630 cursos. Díaz López sinalou que se continuará apostando por adecuar todos os cursos ás demandas do mercado laboral actual e, ademais, especificou que se seguirá vinculando case o 100 por cento das accións á obtención de certificados de profesionalidade, dando así cumprimento a un dos acordos do diálogo social.

Os cursos poderán ser solicitados por aqueles centros ou entidades debidamente acreditados e a previsión é que se poidan beneficiar deles máis de 9.500 alumnos.

Trátase só dunha parte da formación para 2014, xa que a directora xeral avanzou que ao longo do ano se convocarán novas actuacións nesta materia como, por exemplo, a formación para ocupados ou iniciativas dirixidas especificamente á mocidade.

Este ano, como principal novidade, estableceranse –de acordo coa normativa estatal– novas áreas prioritarias na impartición de cursos. Deste xeito, priorizaranse en toda Galicia as accións formativas relacionadas cos sectores máis innovadores, en concreto, aquelas que se centren na internacionalización, o emprendemento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Como en anos anteriores, o alumnado que participe nestes cursos terá dereito a obter axudas en concepto de transporte, manutención e aloxamento. Os beneficiarios que teñan algún tipo de discapacidade ou que realicen

un curso que forma parte do seu itinerario personalizado de inserción poderán acceder tamén a axudas por asistencia.

Obradoiros de emprego

En segundo lugar, a responsable da área autonómica destacou a liña de axudas dirixida aos obradoiros de emprego á que se destinarán 10,2 millóns de euros. Estes programas mixtos combinan a formación co desenvolvemento dun traballo, e teñen unha duración de 6 meses. Os obradoiros poderán ser solicitados por entidades locais, por aqueles organismos que teñan competencias na promoción do emprego ou por consorcios. A previsión é que o próximo ano beneficien 1.300 persoas co desenvolvemento de 50 obradoiros por toda a Comunidade autónoma.

Programas integrais de emprego

Ademais, o Goberno galego continuará apostando especialmente por programas integrados de emprego: actuacións transversais que combinan información, orientación, asesoramento ou formación. Todas estas iniciativas teñen un obxectivo de inserción mínima do 35 por cento dos participantes, que se prevén que sexan 4.500 este ano. As axudas poderán ser solicitadas por entidades locais ou sen ánimo de lucro. A este fin

destínanse 5,4 millóns de euros, o que supón un 116% máis con respecto ao orzamento de 2013.

Cabe destacar que, por primeira vez, esta convocatoria incorporará criterios de puntuación específica para primar os proxectos de xestión compartida, e tamén para aqueles que se desenvolvan nas provincias de Lugo e Ourense, de acordo cos Plan Impulsa. Así mesmo, inclúese por primeira vez un número mínimo de accións individuais e colectivas para cada beneficiario.

Orientación

Por último, Díaz López referiuse ás axudas en materia de información, orientación e busca de emprego que se centrarán no financiamento da contratación ou prórroga de técnicos que se encargarán de realizar este asesoramento. Para este fin, destínanse 4,4 millóns. A contratación poderá ser realizada por entidades locais e sen ánimo de lucro, e será por un período de 12 meses. Grazas a esta convocatoria, facilitarase a contratación de 231 técnicos especializados, que poderán prestar asesoramento a máis de 80.000 persoas, en colaboración coa persoa propia do Servizo Público de Emprego de Galicia. En total, Galicia volverá contar cunha rede pública de técnicos de orientación laboral composta por 462 profesionais.

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?paginaCompleta=false&idE>



Formación e emprego

As consellerías de Educación e de Benestar colaboran para triplicar o número de cursos de formación para persoas en desemprego, que se impartirán nos centros educativos

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar destinará 3,2 millóns de euros para o desenvolvemento deste proxecto
- ▶ Esta actuación, xunto con outras dúas postas en marcha nos últimos días por este departamento autonómico, suma un investimento en materia de formación para desempregados de 33,5 millóns de euros
- ▶ Por primeira vez esta formación para o emprego poderá cursarse en 17 institutos de educación secundaria de toda Galicia
- ▶ As ditas ensinanzas continuarán impartíndose nos 19 centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Cultura e Educación
- ▶ O convenio asinado tamén renova a autorización para impartir ensinanzas de FO regrada no réxime para adultos nos tres CIFP dependentes da administración laboral en Santiago, Vigo e Ourense.

A Coruña, 15 de xaneiro de 2013.- Os conselleiros de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, e de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinaron un convenio de colaboración a través do cal se triplicará o número de cursos de formación para o emprego que se imparten nos centros de ensino dependentes do departamento educativo da Xunta de Galicia. Así, no ano 2014, se ofrecerán un total de 67 cursos dirixidos a menores de 30 anos en situación de desemprego, que se impartirán en 19 centros integrados de formación profesional, así como en 17 institutos de educación secundaria, centros que se unen por primeira vez na oferta destes cursos.

A Consellería de Traballo e Benestar destinará 3,2 millóns de euros para o desenvolvemento deste proxecto, dividido en dúas actuacións distintas e complementarias. Dunha banda, os 46 cursos impartidos nos centros integrados de formación profesional, cuxo orzamento se vai dobrar este ano ata acadar os 2,3 millóns, e que beneficiarán preto de 700 persoas; e, doutra banda, os 21 que terán lugar nos institutos de educación secundaria, unha iniciativa que se vai facer por primeira vez na Comunidade e que contará cun orzamento dun millón de euros para beneficiar 315 persoas.

En materia de formación para desempregados, cómpre engadir a esta cifra outros dous procedementos iniciados nos últimos catro días por parte de Traballo. En primeiro lugar, os 26,4 millóns de euros de orzamento da Orde de cursos impartidos por entidades acreditadas e que saíu publicado no DOG; e os 3,9 millóns de euros investidos en accións formativas nos centros propios da Consellería e cuxa contratación foi publicada onte mesmo no DOG. Estas tres actuacións supoñen un investimento por parte do departamento que dirixe Beatriz Mato de 33,5 millóns de euros.

Renovación de autorización

O convenio asinado polos conselleiros no marco dunha visita ao CIFP Someso (A Coruña) renova tamén a autorización –por parte de Cultura e Educación– para impartir ensinanzas de FP regrada no réxime para adultos en tres centros integrados de FP dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, en concreto no CIFP de Santiago –módulos do ciclo superior de Xestión forestal e do medio natural–, no de Coia (Vigo) –módulos do ciclo superior de Mecatrónica Industrial–; e no Santa María de Europa (Ourense) –módulos do ciclo medio de Carpintería e moble–.

No caso destes tres centros dependentes da Administración laboral a Consellería de Cultura e Educación achega tanto o persoal docente necesario para impartir esta formación como os gastos ordinarios específicos de funcionamentos necesarios para o desenvolvemento destas ensinanzas.

Aposta polo emprego

A conselleira de Traballo e Benestar destacou que este Goberno, e en especial o departamento que ela dirixe, ten apostado pola formación “como unha ferramenta imprescindible para a mellora da empregabilidade dos traballadores”, para o que é preciso que sexa “de calidade, homologada, e orientada ás necesidades reais do mercado laboral”. De feito, desde 2009 preto de 36.000 traballadores e traballadoras obtiveron un certificado de profesionalidade na Comunidade, válido para todo o Estado español.

Así, hai que salientar a acreditación da experiencia profesional en diversos sectores. Ata o de agora xa se realizaron 6 convocatorias públicas que aglutinaron máis de 7.500 prazas e máis de 25.600 unidades de competencia nos seguintes ámbitos: socorrismo, atención sociosanitaria, redeiras, tubeiros, cubertas, operacións de restaurante e bar, control de pragas, tubaxe, soldadura e información xuvenil. En total, 3.655 candidatos obtiveron o certificado completo.

Pola súa banda, o conselleiro de Cultura e Educación fixo fincapé na importancia da formación ao longo da vida como forma de abrir portas e novas oportunidades no mercado laboral. Así mesmo, salientou o compromiso do departamento que dirixe co

establecemento de novas vías que fagan máis fácil a incorporación do alumnado de FP ao mundo laboral, a través da FP dual e da formación en centros de traballo; así como o acceso máis flexible a estas ensinanzas, mediante as modalidades a distancia ou a oferta modular para adultos. Así mesmo, lembrou que Cultura e Educación ten convocado nos últimos anos un total de 22.115 prazas no proceso de avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias profesionais a través da experiencia laboral ou de formación non formal, co fin de que as persoas traballadoras melloren a súa certificación.

Neste sentido, Beatriz Mato engadiu que a Consellería de Traballo e Benestar está a reforzar os contratos de formación dual, que ofrecen aos mozos ao mesmo tempo formación e inserción laboral, cun salario acorde ao convenio colectivo. Están dirixidos a menores de 30 anos en situación de desemprego, e especialmente deseñados para aqueles que teñen unha baixa cualificación. E, por iso, a actividade formativa ocupa, como mínimo, o 25% da xornada laboral.

Mato explicou que desde a Consellería se están a financiar de forma voluntaria e pioneira todas aquelas actividades de formación que excedan o 25% da xornada laboral e que, ata o momento, se teñen asinados 55 contratos nos que se investiron 160.000 euros. Trátase dunha modalidade que se segue a impulsar e incentivar neste exercicio.

Formación profesional para o emprego

Polo demais, os participantes nas accións formativas deberán ser desempregados menores de

30 anos. Dentro deste colectivo terán preferencia para a participación nos cursos as persoas que teñan subscrito e vixente un itinerario personalizado de inserción, as mulleres, especialmente aquelas que teñan a condición de vítimas de violencia, as persoas con discapacidade, os desempregados de longa duración, os colectivos en risco de exclusión social –sempre que tal situación se certifique polos servizos sociais públicos correspondentes– e as persoas con baixa cualificación.

En todos os cursos será obrigatoria a impartición do módulo transversal “Inserción laboral, sensibilización ambiental

e igualdade de xénero” cunha duración de 10 horas. Ademais, para dar cumprimento ao establecido no artigo 33º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, impartirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de oito horas. Así mesmo, será obrigatorio o curso básico de prevención de riscos laborais nas especialidades formativas das familias profesionais ART, ELE, ENA, EOC, FME, IEX, IMA e MAM que figuran na páxina web da Consellería de Traballo e

<http://traballo.xunta.es/portada-formacion-e-cualificacions>



<http://www.edu.xunta.es/fp/>



Feijóo destaca que a adxudicación dos floteis de Pemex ás rías de Vigo e Ferrol garante máis investimento, emprego e esperanza para o naval

- ▶ “Se algún mérito ten a Xunta foi e é confiar sempre nesa capacidade dos nosos traballadores, do sector e de Galicia e, en ningún momento, dúbida das nosas posibilidades”, dixo
- ▶ Logo de que hai unhas semanas se confirmase a entrada de Pemex en Barreras e o compromiso de cinco pedidos por 300 millóns nese estaleiro vigués, di que esta nova servirá de esperanza e de estímulo para Ferrol pero tamén para toda Galicia
- ▶ Celebra que, despois de tanto tempo de incerteza, 2014 se inicie con máis estabilidade, con máis confianza e con máis oportunidades
- ▶ Congratúlase de que ademais da capacidade tecnolóxica e da seriedade e a profesionalidade acreditadas, o naval conte por fin coas ferramentas financeiras e as garantías necesarias para conseguir novos contratos, cun novo tax lease
- ▶ Salienta que o novo sistema de tax lease está avalado polas autoridades comunitarias, polo sector, e empeza a estar avalado tamén polos feitos, como proban os encargos xa firmados por algúns estaleiros e os que están en vías de negociación
- ▶ Incide en que grazas á constancia dos estaleiros e dos traballadores, ao seguimento permanente dos gobernos autonómicos e ao compromiso do Ministerio de Industria, hoxe se conta cun réxime de estrutura financeira solvente, que abre un novo camiño de oportunidades para volver poñer en marcha as gradas dos estaleiros galegos e españois.

Madrid, 29 de xaneiro de 2014.- O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, destacou que a adxudicación de dous floteis da petroleira Pemex ás rías de Vigo e Ferrol garante máis investimento –outros 300 millóns de euros–, carga de traballo e esperanza para o sector. E atribuíu o mérito desta boa nova á capacidade dos traballadores do naval galego, “xa que se algún mérito ten a Xunta –dixoo– foi e é confiar sempre nesa capacidade dos nosos traballadores, do sector e de Galicia e, en ningún momento, dúbida das nosas posibilidades”.

Logo de que hai unhas semanas se confirmase a entrada de Pemex en Barreras e o compromiso de cinco pedidos por 300 millóns de euros nese estaleiro vigués, Feijóo afirmou que esta nova servirá de esperanza

e de estímulo para Ferrol, para todo o sector naval galego pero tamén para toda Galicia. “É unha boa noticia para Galicia –precisou–, pero tamén para Pemex, que comprobará o acerto da súa decisión, do mesmo xeito que se outras grandes compañías elixen investir en Galicia tamén acertarán”.

“Estamos falando dunha cifra de 600 millóns de contratacións de Pemex en estaleiros públicos e privados galegos; unha porta á esperanza que espero sexa unha das primeiras noticias das moitas que desexo poidamos celebrar en todo o sector naval español e galego”, salientou, ao que engadiu que para cumprir os prazos de traballo se precisarán entre os estaleiros e a industria auxiliar postos de traballo directos para máis de mil persoas, aos cales haberá que sumar os indirectos.

Informe do paro rexistrado

Galicia pecha 2013 con 271.063 persoas sen emprego, un 2,77 por cento menos das rexistradas en decembro de 2012

Santiago, 4 de febreiro de 2014.- Galicia pechou o mes pasado cun total de 281.077 persoas desempregadas. Esta cifra supón un descenso interanual (isto é, con respecto a xaneiro de 2013) dun 3,34 por cento, o que se traduce en que xaneiro remata con 9.713 parados menos dos que había no mesmo mes do ano anterior.

Así o explicou hoxe a directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, quen cualificou de “negativos” os datos de paro rexistrado referentes ao mes de xaneiro, dado que se produciu un aumento a nivel mensual (+3,69%), como é habitual nestas datas.

Apesares disto, explicou tamén que son as cifras interanuais as que permiten coñecer a evolución do desemprego de forma “desestacionalizada”. Deste

xeito, en xaneiro de 2013 había 290.790 persoas sen emprego, mentres que este mes rematou con 281.077 desempregados.


Trátase, ademais, da terceira baixada consecutiva interanual e é a maior de todas elas. En novembro xa se rexistrou unha interanual negativa do -2,05%, e en decembro foi do -2,77%, para agora situarse nun -3,34 por cento. Estes datos confirman “a tendencia de contención da destrución de emprego”. Neste sentido, a responsable autonómica recordou que desde 2007 non se rexistraban interanuais negativas.

Con respecto á evolución intermensual, a directora xeral apuntou que, con respecto a decembro, o paro rexistrado sube en Galicia un 3,69% (+10.014 persoas), unha cifra que está por debaixo dos valores rexistrados en 2009, 2012 e 2013.

Polo que respecta ao Estado, o paro aumenta nun 2,41 por cento en comparación ao mes de decembro, o que se traduce en 113.097 desempregados máis, ata situarse nos 4.814.435 parados.


Analizando o desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que o sector servizos acumula máis do 81 por cento do total do paro rexistrado, vinculado “claramente” ao fin da campaña de Nadal. Así, no sector servizos o desemprego aumenta en 8.157 persoas. A continuación sitúase a construción (+928); a industria (+723); o colectivo sen emprego anterior (+127); e a agricultura e a pesca (+79).

Por provincias, o paro incrementouse en todas elas. A maior subida corresponde á da Coruña (+4.228); seguida por Pontevedra (+3.246); Ourense (+1.381); e Lugo (+1.159).



	Parados mes	Variación relativa interanual
Castela-A Mancha	257.721	-5,11
Illes Balears	90.735	-5,00
Canarias	276.034	-4,66
Valencia	559.523	-4,59
Navarra	53.163	-4,38
Cataluña	633.871	-4,22
Andalucía	1.059.720	-3,87
Galicia	281.077	-3,34
A Rioxa	27.846	-2,68
Asturias	104.732	-2,67
Madrid	547.353	-2,59
Murcia	154.320	-2,51
Castela e León	242.939	-1,19
País Vasco	174.171	-0,63
Cantabria	58.313	-0,57
Aragón	114.819	0,10
Extremadura	152.618	0,34
Ceuta	12.904	5,80
Melilla	12.576	5,84
TOTAL	4.814.435	-3,34

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)



Traballo e economía social

A sinistralidade laboral baixou un 5,41% en Galicia en 2013 e preto do 98% do total de accidentes foron leves

- ▶ Por provincias, a minoración dos accidentes de traballo totais en 2013 maniféstase na provincia de Pontevedra, seguida da Coruña e Lugo e prodúcese un incremento en Ourense cun 3,11%
- ▶ Doutra banda, Adela Quinzá-Torroja, aproveitou para afondar no plan de actividades para o ano 2014, presentado onte no Consello da Xunta
- ▶ O Plan contén 65 actuacións que se estruturan en distintas fichas coa descrición, os obxectivos e as medidas que se agrupan en 6 eixos ou epígrafes xenéricos

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2014.- En Galicia no ano 2013 foron notificados un total de 22.377 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, 1.280 menos que no 2012 o que supón unha redución dun 5,41%. Deles 21.912 foron leves, 418 graves e 47 mortais.

Respecto dos accidentes “in itinere” (os ocorridos durante os desprazamentos ao ir ou voltar do traballo) no 2013 producíronse 2.821, 64 menos que no 2012, o que supón unha minoración dun 2,22%.

A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, ofreceu nunha rolda de prensa os datos de sinistralidade do pasado ano. Os leves representan o 97,92% do total e contan cunha maior incidencia no sector servizos; os graves son o 1,87% e se centran no sector servizos, na industria e na agricultura. Por último, en 2013 houbo 47 accidentes mortais na xornada laboral, o 0,21% do total, e tres in itinere.

Por provincias, a minoración dos accidentes de traballo totais en 2013 maniféstase na provincia de Pontevedra, seguida da Coruña e Lugo e prodúcese un incremento en Ourense cun 3,11%. En concreto, en Pontevedra descende o 8,55 %, na Coruña o 5,54%, en Lugo o 2,59 %.

A tendencia á baixa maniféstase en todos os sectores, agás no sector da agricultura. En concreto, comparando 2013 co 2012, e de maior a menor descenso, o sector da construción baixa un 26,17%, na industria o 4,06%, na pesca o 3,24% e nos servizos o 0,66%. Na agricultura ascende un 7,82%.

En canto ás enfermidades profesionais, no 2013 comunicáronse 521 partes que causaron baixa, un 11,84% menos que no ano anterior.

Plan de actividades 2014

Doutra banda, Adela Quinzá-Torroja, aproveitou para afondar no plan de actividades para o ano 2014, presentado no Consello da Xunta e aprobado na Comisión de

Goberno do ISSGA, por unanimidade entre patronal e sindicatos. Trátase dun plan integral no que se abordan accións nas distintas disciplinas preventivas, de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada e medicina do traballo, e que se destina aos distintos sectores de actividade e especialmente ás pequenas e medianas empresas.

O Plan contén 65 actuacións que se estruturan en distintas fichas coa descrición, os obxectivos e as medidas que se agrupan en 6 eixos ou epígrafes xenéricos: procesos de mellora, Observatorio galego de condicións de traballo, investigación da sinistralidade, accións de colaboración e asesoramento técnico, plans e programas de redución e formación, difusión e sensibilización.

No plan recóllense diversas actuacións novidasas, tales como o desenvolvemento dunha avaliación de riscos tipo para buques de pesca de baixura. No marco de colaboración establecido no sector da pesca polos catro institutos de seguridade e saúde laboral de Asturias, Cantabria, País Vasco e Galicia, durante o 2014, elaborárase conxuntamente un modelo de avaliación global dos riscos, para facilitar o asesoramento preventivo a un

sector de tanta dificultade polo alto risco e gran incidencia na sinistralidade.

Así mesmo, incluírase un estudo ergonómico no sector das conservas de peixe. Este sector, estratéxico para Galicia, xera o 3% do PIB e emprega case 12.000 persoas, das cales preto do 80% son mulleres. Tendo en conta esta feminización, e que a idade media rolda os 50 anos, conclúese que se trata dun colectivo especialmente exposto ao risco de aparición de trastornos músculo-esqueléticos, que se poden ver agravados polas condicións de temperatura e humidade en que se desenvolven parte das tarefas.

Tamén destaca entre as novidades a redución dos riscos psicosociais, tratando de sensibilizar sobre os riscos psicosociais e a súa prevención; abordárase en colaboración con profesionais da psicoloxía mediante xornadas técnicas e materiais divulgativos.

Outras novidades son a publicación de fichas de investigación de accidentes laborais e de enfermidades profesionais; a promoción da saúde no lugar de traballo; a elaboración de materiais didácticos de prevención para o sector primario e os autónomos e o asesoramento no manexo de maquinaria agrícola.

<http://issga.xunta.es/portal/index.html>



Traballo colaborará coa asociación AUGA de Galicia no desenvolvemento da cátedra do Traballo Autónomo 2014

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo en Santiago unha xuntanza co secretario xeral da Asociación de Autónomos de Galicia (AUGA), Lisardo Domínguez
- ▶ Con esta iniciativa poranse en marcha seis seminarios de diversa temática, unha xornada de estudo do emprendedor e unha liña de investigación sobre o emprego verde e o traballo autónomo.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar colaborará coa Asociación de Autónomos de Galicia (AUGA) na posta en marcha este ano da cátedra do Traballo Autónomo, unha iniciativa que xa financiou o departamento autonómico en 2013.

A titular de Traballo, Beatriz Mato, mantivo en Santiago unha xuntanza co secretario xeral deste colectivo, Lisardo Domínguez, no que lle confirmou a cooperación coa iniciativa que se realiza

en colaboración coa Universidade de Santiago. A través desta actuación poranse en marcha ao longo do ano seis seminarios de diversa temática, unha xornada de estudo do emprendedor e unha liña de investigación sobre o emprego verde e o traballo autónomo.

Os 'seminarios exprés' abordarán asuntos como as bonificacións das cotizacións, o emprendemento, o IVE por caixa, as exencións fiscais ou as situacións de quebra.

Con respecto á xornada de estudo do emprendedor, levarase a cabo un debate centrado no emprendemento, en medidas do ámbito fiscal e social e no proxecto de Lei de emprendemento e competitividade económica de Galicia, entre outros asuntos.

Por último, o obxectivo da liña

de investigación é a protección do medioambiente e a responsabilidade social cooperativa neste eido. A finalidade é elaborar un estudo teórico de cara a unha dobre publicación: por un lado, unha guía de conduta de fácil manexo para o autónomo e, doutro, unha obra científica máis especializada.

<https://www.facebook.com/auga.autonomosdeg Galicia>



Traballo colaborará con Aje Galicia na elaboración dun estudo para coñecer as novas tendencias dos emprendedores

- ▶ O obxectivo do estudo é ofrecer unha radiografía do emprendemento en Galicia para deseñar novas iniciativas tendo en conta as novas tendencias neste eido.

Santiago, 24 de xaneiro de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, colaborará coa Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia) na elaboración dun estudo básico que sirva para diagnosticar as novas tendencias, características, actitudes, carencias e fortalezas do emprendemento en Galicia.

O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, mantivo en Santiago unha xuntanza co presidente de AJE Galicia, José Manuel Valenzuela, na que se comprometeu a colaborar co desenvolvemento deste estudo. O obxectivo é ofrecer unha radiografía do perfil do emprendedor galego para deseñar novas iniciativas

tendo en conta as tendencias actuais neste ámbito.

Na xuntanza, á que tamén asistiu a presidenta de AJE Pontevedra, Lucía Pedroso, os empresarios presentaron os seus proxectos de emprendemento para este ano e a participación deste colectivo na Unidade Galicia Emrende. Na reunión, os propios empresarios destacaron que o emprendemento se está a incrementar na Comunidade autónoma.

Neste senso, Martiñá lembrou que a Consellería de Traballo e Benestar blindou para este ano o orzamento destinado aos autónomos, que ascenderá a 25 millóns de euros, dos que 4 millóns de euros se destinarán a axudas a este colectivo para a contratación do primeiro, segundo e terceiro traballador ou

traballadora. Este investimento permitirá, ao igual que en 2013, a contratación de 800 persoas.

“Co orzamento de 2014 imos dar continuidade á nosa aposta pioneira de apoio á contratación indefinida”, matizou Martiñá, quen lembrou que estas axudas se puxeron en marcha na pasada lexislatura co financiamento da contratación do primeiro traballador e en 2013 a medida ampliouse a unha segunda e terceira contratación.

AJE aglutina na actualidade a case 300 empresas e máis de 200 asociados e os seus principais obxectivos son promover a creación de empresas e o espírito emprendedor, representar e defender os intereses da empresa galega, así como facilitar o desenvolvemento das iniciativas empresariais dos seus asociados a través da prestación de servizos de apoio.

<http://www.ajegalicia.es/>



Traballo presenta ás cooperativas o borrador da Lei de economía social que fomentará o autoemprego e a súa visibilidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na reunión do Consello Galego de Cooperativas, ás cales cualificou como “un modelo cun arraigo especial en Galicia que está a consolidarse ano tras ano”
- ▶ En Galicia existen na actualidade 1.205 cooperativas activas que contan con máis de 90.000 socios, un 8% máis das que había en 2009
- ▶ Mato avanzou a creación dunha marca cooperativa, que se converterá nun novo selo de certificación que agrupará todas as empresas cooperativas de Galicia baixo unha mesma identidade.

Santiago, 13 de xaneiro de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar presentou hoxe no Consello Galego de Cooperativas o borrador da nova Lei de economía social, que ten como obxectivo darlles unha maior visibilidade social, regular estruturas básicas e órganos de representatividade, poñer en marcha medidas de fomento do autoemprego, emprendemento e colaboración empresarial, ou a creación da figura das cooperativas xuvenís, entre outros.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, cualificou as cooperativas como “un modelo cun arraigo especial en Galicia que está a consolidarse ano tras ano” na Comunidade. De feito, desde o ano 2009 creáronse 255 novas e, no último exercicio, un total de 64. Desta maneira, en Galicia existen na actualidade 1.205

cooperativas activas que contan con máis de 90.000 socios, máis de 4.700 dos que había en 2009, isto é, un 8 por cento máis.

A titular de Traballo indicou que o borrador da Lei se presentou ás cooperativas coa finalidade de consensuar a dita norma con eles para poder enviar o anteproxecto definitivo ao Parlamento ao longo deste ano.

Neste sentido, Mato explicou que o borrador pretende dar maior visibilidade social a esta fórmula, difundindo as súas vantaxes, beneficios e valores engadidos. Para iso será importante a creación de estruturas básicas e órganos de representatividade como a constitución dun novo órgano asesor na materia: o Consello da Economía Social de Galicia.

Ademais, a lei vai poñer en marcha medidas de fomento do autoemprego, o emprendemento



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na reunión do Consello Galego de Cooperativas

e a colaboración empresarial; contéplase tamén a introdución da economía social nos plans de estudo, no eido educativo, especialmente nos niveis previos ao acceso laboral; e creárase a figura das cooperativas xuvenís, que van estar constituídas maioritariamente por mozos de entre 16 e 29 anos, para facilitar o autoemprego da xuventude e un marco apropiado para o seu desenvolvemento profesional.

Doutra banda, neste encontro Beatriz Mato aproveitou para

avanzar o decreto polo que se vai regular unha marca cooperativa, que se converterá nun novo selo de certificación que agrupará todas as empresas cooperativas de Galicia baixo unha mesma identidade.

Mato aclarou que o obxectivo é acoller dentro desta marca o maior número de cooperativas posibles, “converténdoo así nun elemento integrador que poña en valor os principios de equidade, sostibilidade e calidade cos que traballan estas empresas”.

<http://www.cooperativasdeg Galicia.com/>



Xuventude e voluntariado

A Estratexia de xuventude 2010-2013 beneficiou 59.000 mozos e mozas en materia de emprego e outros 40.000 recibiron axudas para vivenda

- ▶ Así o destacou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, tras a sesión constitutiva do Comité Galego de Políticas de Xuventude, que presidiu o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo
- ▶ A Estratexia supuxo un esforzo transversal realizado polo conxunto dos departamentos da Xunta en catro materias fundamentais para a mocidade: emprego, vivenda, educación e participación e mobilidade
- ▶ A nivel de Educación, esta ferramenta facilitou aos mozos axudas complementarias coas bolsas Erasmus, axudas para estadias en países da UE, e bolsas universitarias en países extracomunitarios
- ▶ Este plan terá continuidade cunha nova programación, que contará con preto de 50 obxectivos operativos e máis de 200 medidas



Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2014.- A Estratexia de xuventude 2010-2013 supuxo un esforzo transversal realizado polo conxunto dos departamentos da Xunta en catro materias fundamentais para a mocidade: emprego, vivenda, educación e participación e mobilidade. En concreto, en materia de emprego investíronse 185 millóns de euros neste período para axudar 59.000 mozos e mozas; e, en materia de vivenda, 40.000 beneficiáronse de deducións fiscais ou subvencións directas cun orzamento de 137 millóns de euros.

Así o destacou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, tras a sesión constitutiva do Comité Galego de Políticas de Xuventude, que presidiu o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo. Este novo órgano nace co obxectivo de reforzar e consolidar a transversalidade das políticas públicas dirixidas á mocidade, no marco da Lei de xuventude de Galicia que ten como un dos eixos principais o fomento da coordinación entre todos os departamentos que

traballan neste eido, o que permitiu pasar das 248 medidas iniciais ás 300 executadas finalmente.

En materia de emprego, a titular de Traballo explicou que para o Goberno autonómico é “unha prioridade absoluta” loitar contra as cifras de desemprego xuvenil, a pesar de que Galicia se atopa máis de seis puntos por debaixo da media estatal neste ámbito. Un dos principais eixes da Estratexia foi o de mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas, para o que se destinaron máis de 185 millóns de euros que permitiron beneficiar 59.000 persoas.

Destacan as actividades de formación dirixidas a incrementar a preparación e cualificación dos mozos e mozas, enriquecendo os seus currículos e aumentando as súas posibilidades de inserción ou mellora no mercado laboral. Nestas actividades formativas investíronse preto de 95 millóns de euros, con máis de 47.000 beneficiarios. Ademais da formación, destacan os incentivos á contratación e as axudas ao emprendemento.

Respecto á vivenda, conseguiu axudar a 40.000 mozos e mozas para o acceso a unha vivenda, xa fose en réxime de compra ou alugueiro. Para iso mobilizáronse 137 millóns de euros a través de deducións fiscais ou subvencións directas.

A nivel de Educación, a Estratexia facilitou aos mozos axudas complementarias coas bolsas Erasmus, axudas para estadias en países da UE, e bolsas universitarias en países extracomunitarios. En total, 6.600 mozos beneficiáronse destas axudas, nas que se investiron cinco millóns de euros.

Por último, a Estratexia incluíu

tamén catro eixes propios da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: a mobilidade, a participación, o voluntariado e a información. O conxunto destes eixes contaron cun orzamento de 17,6 millóns de euros e 14.000 beneficiarios. Neste investimento inclúense iniciativas como Galeuropa, Xuventude en Acción, Iniciativa Xove ou o Servizo de Voluntariado Xuvenil.

A Estratexia xuventude 2010-2013 terá continuidade cunha nova, que contará con preto de 50 obxectivos operativos e máis de 200 medidas. A previsión é que poida estar finalizada e aprobada polo Consello da Xunta antes de Semana Santa.

<http://xuventude.xunta.es/>



<http://www.voluntariadogalego.org/web/>



Xuventude informa a 200 mozos e mozas en Santa Comba sobre o novo programa europeo de mobilidade xuvenil ‘Erasmus+’

- ▶ O primeiro prazo para presentar solicitudes en Erasmus+ rematará o vindeiro 17 de marzo de 2014
- ▶ Galicia foi unha das comunidades máis activas tanto no número de proxectos presentados e aprobados como nos fondos recibidos da Unión Europea para a realización de proxectos promovidos por asociacións e grupos informais de mozos e mozas
- ▶ No ano 2013 foron aprobados na comunidade autónoma un total de 54 proxectos nos que participaron máis de 1.000 mozos e cun orzamento total de 853.780 euros.

Santa Comba (A Coruña), 25 de xaneiro de 2014.- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar organizou unha xornada informativa en Santa Comba (A Coruña) na que 200 mozos e mozas puideron coñecer o novo programa da Unión Europea para a educación, a formación, a mocidade e o deporte ‘Erasmus+’.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, explicou que ‘Erasmus+’ ten unha dotación orzamentaria total de 1.800 millóns de euros en 2014 e reflicte tres liñas diferenciadas de actuación e financiamento: proxectos de mobilidade, tanto dos mozos e

mozas como do persoal que traballa no eido da xuventude; actividades que fomenten a colaboración entre institucións e organizacións xuvenís co mundo laboral; e actividades de apoio ao diálogo entre os mozos e os sistemas educativos, formativos e as institucións democráticas.

O primeiro prazo para presentar solicitudes en Erasmus+ rematará o vindeiro 17 de marzo de 2014. A información provisional e os documentos dispoñibles ata o de agora deste novo programa está aberta á consulta no portal da Comisión Europea.

Esta nova iniciativa entrou en vigor o pasado 1 de xaneiro, despois de que rematase o programa

‘Xuventude en Acción’, que se viña desenvolvendo desde 2007. Neste sentido, Ovidio Rodeiro destacou que este ano Galicia foi unha das comunidades máis activas tanto no número de proxectos presentados e aprobados como nos fondos recibidos da Unión Europea para a realización de proxectos promovidos por asociacións e grupos informais de mozos e mozas galegos.

‘Xuventude en Acción’ foi un programa creado para promover a mobilidade dos mozos e mozas europeos, infundindo así un sentimento de cidadanía europea activa, solidariedade e tolerancia entre a mocidade co fin de promover a súa implicación na construción europea. Así mesmo, fomentou a mobilidade dentro e fóra dos límites da Unión Europea, a aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural, e tamén apoiou a empregabilidade e a inclusión de todos os mozos e mozas independentemente do contexto social, educativo ou cultural ao que pertencen.

O director xeral explicou que este elevado índice de participación

“pon de manifesto unha importante iniciativa dos mozos e mozas galegos en temas de mobilidade e participación activa en todas as actuacións que teñan que ver coa adquisición de competencias mediante a aprendizaxe non formal”. No ano 2013 foron aprobados en Galicia un total de 54 proxectos nos cales participaron máis de 1.000 mozos e cun orzamento total de 853.780 euros.

Esta xornada destinouse a participantes en proxectos do programa europeo ‘Xuventude en Acción’ entre os anos 2007 e 2013, a técnicos de información xuvenil, a líderes de asociacións xuvenís, culturais ou doutros ámbitos, a monitores xuvenís, a responsables da toma de decisións políticas en materia de xuventude, e a mozos e mozas non asociados.

Así mesmo, con ocasión desta xornada, presentouse o quinto libro de mobilidade xuvenil de Galicia, que recolle a maioría dos proxectos de mobilidade de 2013 xestionados desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/index_es.htm



Xuventude

Traballo impulsa un proxecto de emprego que fomentará a inserción laboral de 50 mozos e mozas a través do emprendemento no rural

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou na Coruña esta iniciativa, que terá as súas sedes en Coristanco e Melide
- ▶ Este proxecto, que se inscribe na Estratexia comunitaria de garantía xuvenil, foi seleccionado entre unha multitude de plans, dos cales só uns 15 foron aprobados en toda Europa
- ▶ O obxectivo é acadar entre o 40 e o 50 por cento de inserción laboral dos participantes, que poden proceder de calquera punto da Comunidade Autónoma
- ▶ Para conseguilo, realizarase un proceso de acompañamento e asesoramento personalizado, ao tempo que se explora e investiga o territorio en busca de oportunidades.

A Coruña, 17 de xaneiro de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de poñer en marcha o programa “Aval xóvenes”, que tratará de fomentar a inserción laboral e mellorar a empregabilidade de 50 mozos e mozas de entre 18 e 25 anos. A iniciativa está orientada especialmente ao emprendemento e autoemprego, aproveitando as oportunidades das zonas rurais.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, presentou esta actuación, nun acto no que tamén estivo presente o coordinador da Estratexia europea de emprego da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea, Gregorio de Castro.

De feito, este proxecto inscribese no marco da Estratexia de garantía xuvenil posta en marcha pola Unión Europea, que ten como fin garantir que todos os menores de 25 anos que rematen a súa educación formal ou estean desempregados reciban unha oferta de emprego, de educación continua ou un período de prácticas nun prazo máximo de 4 meses.

Dentro desta estratexia, habilitouse unha convocatoria para iniciativas innovadoras e experimentais. Recibíronse unha multitude de solicitudes, pero só unhas 15 foron aprobadas en toda Europa. Entre as seleccionadas, atópase o programa galego, impulsado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Autoemprego no rural

Os principais obxectivos do plan son dous: crear novas oportunidades de emprego e emprendemento para a mocidade; e, simultaneamente, dinamizar as zonas do rural nas que se desenvolven estas iniciativas. Búscase, polo tanto, aproveitar as vantaxes das áreas rurais, que “posúen uns recursos propios e diferenciados, que se deben explotar para xerar novas oportunidades de emprego e de negocio”, subliñou Mato.

Para acadar estas metas, os participantes contarán cun proceso de acompañamento e asesoramento personalizado. Ao mesmo tempo, realizarase unha investigación do territorio para coñecer as oportunidades que ofrece. Ao conxugar estas dúas actuacións (as potencialidades dos participantes e do contorno), “pódense

acadar os resultados buscados”.

As dúas sedes estarán situadas en Coristanco e Melide. Ambas foron elixidas polo elevado número de mozos e mozas que abandonaron esas zonas, así como polo seu potencial para ofrecer oportunidades en eidos como o turismo, a diversificación agraria, os servizos ou as persoas maiores.

Os participantes, que terán como máximo 25 anos e poderán proceder de calquera punto da comunidade autónoma, deberán cumprir algún deste perfís: estar rematando a súa cualificación profesional; tela xa rematada e estar en situación de desemprego; ou estar en paro sen ningunha cualificación profesional.

O proxecto divídese en tres fases. A primeira comeza coa apertura do prazo de inscrición para os interesados, que terán 15 días para anotarse (ata o 16 de febreiro) a través da páxina web <http://xuventude.xunta.es>. A partir de aí, formaranse os dous grupos de traballo de 25 persoas cada un.

A segunda etapa consiste na orientación de cada un dos participantes cara o proxecto de emprego ou emprendemento máis axeitados

ás súas características. A pesar de ter un forte carácter lectivo, durante esta fase tamén se potenciará a parte práctica, integrando aos beneficiarios no marco local e establecendo relacións cos actores do territorio.

Por último, realizarase o obradoiro de proxectos. Nel, os participantes contarán con asesoramento do equipo técnico para ultimar os seus proxectos. O obxectivo final é acadar entre o 40 e o 50 por cento de inserción laboral, aínda que a totalidade dos beneficiarios verán mellorada a súa empregabilidade.

Na realización deste programa colaboran outros socios, tanto públicos como privados, entre os que se atopan a Deputación da Coruña, ou asociacións para o desenvolvemento rural ou empresarios. O orzamento ascende a preto de 200.000 euros, dos que o 90 por cento corresponde a fondos europeos.

Esta iniciativa forma parte das distintas actuacións que está a impulsar o departamento autonómico para facer fronte ás cifras do desemprego xuvenil, unha área na que se seguirá traballando a través da posta en marcha de novas medidas, segundo adiantou Mato.

<http://xuventude.xunta.es/2014011712353/proxecto->



Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Traballo e Benestar xaneiro 2014, nº 92

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña á publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

▶ Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_nx_92_Xaneiro_2014.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- ▶ BITEB, nº 92, xaneiro 2014
- ▶ Recompilación normativa 2013. Consellería de Traballo e Benestar

Recompilación normativa. Consellería de Traballo e Benestar

Selección das disposicións normativas máis salientables no eido laboral e do benestar elaboradas por esta consellería e publicadas ao longo dun ano no Diario Oficial de Galicia (DOG)

▶ Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/recompilacxn_normativa_2013.pdf

As entidades colaboradoras de adopción internacional

Guía que analiza e dá a coñecer, polo míúdo, as entidades colaboradoras de adopción internacional: que son, como funcionan, para que serven.


▶ Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/As_Entidades_colaboradoras_adopcion_internacional.pdf

▶ Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Las_Entidades_colaboradoras_adopcion_internacional.pdf

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4>



DOG

• Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias. (DOG nº 2, do 03.01.2014).

• Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2014. (DOG nº 2, do 03.01.2014).

• Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero. (DOG nº 6, do 10.01.2014).

• Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 6, do 10.01.2014).

• Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2014 e 2015. (DOG nº 6, do 10.01.2014).

• Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2014. (DOG nº 6, do 10.01.2014).

• Orde do 30 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. (DOG nº 6, do 10.01.2014).

• Orde do 7 de xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 9, do 15.01.2014).

• Resolución do 20 de xaneiro de 2014 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 16, do 24.01.2014).

• Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. (DOG nº 17, do 27.01.2014).

• Resolución do 15 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se procede á convocatoria da proba específica de validación de profesionais sen formación preventiva especializada para inscrición no Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción. (DOG nº 17, do 27.01.2014).

• Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións. (DOG nº 19, do 29.01.2014).

• Orde do 16 de xaneiro de 2014 pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2013, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2014. (DOG nº 20, do 30.01.2014).

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia?lang=gl>



NORMATIVA CCAA

Andalucía

• Acuerdo de 10 de diciembre de 2013, del Consejo de Gobierno, por el que se modifican los Acuerdos del Consejo de Gobierno, de 6 de septiembre de 2011, por el que se aprueba el Plan de Oportunidades Laborales en Andalucía,

y de 26 de julio de 2012, por el que se aprueba el Plan de Choque por el Empleo en Andalucía. (BOJA de 13.12.2013)

• Resolución de 25 de noviembre de 2013, de Andalucía Emprende, Fundación Pública Andaluza, por la que se aprueba la Carta de Servicios.

(BOJA de 18.12.2013)

• Decreto 239/2013, de 27 de diciembre, por el que se establecen ayudas sociales de carácter extraordinario, a favor de pensionistas por jubilación e invalidez, en sus modalidades no contributivas para el año 2014. (BOJA de 30.12.2013)

NORMATIVA CCAA

• Decreto 240/2013, de 27 de diciembre, por el que se establecen ayudas sociales de carácter extraordinario a favor de las personas perceptoras de las pensiones del Fondo de Asistencia Social y de las beneficiarias del Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos para el año 2014. (BOJA de 30.12.2013)

Aragón

• Orden de 11 de noviembre de 2013, del Consejero de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se convocan subvenciones en materia de juventud para entidades sin ánimo de lucro durante el año 2014 en el marco del programa de apoyo al asociacionismo juvenil. (BOA de 03.12.2013)

• Orden de 15 de noviembre de 2013, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se modifica la Orden de 17 de junio de 2013, por la que se convocan ayudas específicas para la realización de acciones formativas apoyadas en las tecnologías de la información y la comunicación, dirigidas a zonas rurales que se integran en el Plan de Formación para el Empleo de Aragón para 2013. (BOA de 05.12.2013)

• Orden de 19 de noviembre, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se modifica la Orden de 19 de julio de 2013, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se aprueba la convocatoria para la concesión de subvenciones públicas para la ejecución de acciones formativas dirigidas prioritariamente a trabajadores desempleados del plan de formación para el empleo de Aragón correspondiente al año 2013. (BOA de 11.12.2013)

• Ley 9/2013, de 28 de noviembre, de Autoridad de Profesionales del Sistema Sanitario y de Servicios Sociales Públicos de Aragón. (BOA de 12.12.2013)

• Orden de 2 de diciembre de 2013, del Consejero de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se aprueba la Carta de Servicios al ciudadano del Centro de atención a personas con discapacidad (Capdi-Camp). (BOA de 24.12.2013)

• Orden de 19 de diciembre de 2013, del Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se hace pública la convocatoria de ayudas individuales para personas con grado discapacidad y personas en situación de

dependencia, de 2014. (BOA de 30.12.2013)

• Orden de 27 de diciembre de 2013, del Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se hace pública la convocatoria de subvenciones para la financiación de proyectos para la prevención de situaciones de dependencia y promoción de la autonomía. (BOA de 30.12.2013)

• Decreto 194/2013, de 17 de diciembre, del Gobierno de Aragón, por el que se modifica el Decreto 113/2000, de 13 de junio, del Gobierno de Aragón, por el que se aprueban los Estatutos del Instituto Aragonés de Servicios Sociales. (BOA de 31.12.2013)

Asturias

• Resolución de 12 de diciembre de 2013, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se establecen las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a entidades promotoras para la puesta en funcionamiento de proyectos de empleo formación en el ámbito territorial del Principado de Asturias. (BOPA de 24.12.2013)

• Resolución de 18 de diciembre de 2013, del Servicio Público de Empleo, por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones para la realización de programas de acompañamiento para el empleo en el período 2014-2015. (BOPA de 31.12.2013)

• Resolución de 18 de diciembre de 2013, del Servicio Público de Empleo, por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones para la realización de acciones de orientación profesional para el empleo y asistencia para el autoempleo en el período 2014/2015. (BOPA de 31.12.2013)

Balears

